

Concello da Coruña



Galicia
A Coruña e Cee

CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA Dirección da Área de Administración Xeral AD0000	Documento AD018I00WC
Código de verificación  1A6S 6R66 652S 4L4H 0U04	Expediente AD0/2024/75
	Fecha 30-07-2024

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES (UGT) COA FINALIDADE DE DESENVOLVER UN PROXECTO DE INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN CIDADÁ "CORUÑA CON DEREITOS LABORAIS".

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, na súa condición de Alcaldesa Presidenta.

E doutra,


Don Ángel Iglesias Fernández, en calidade de Secretario Xeral da Unión General de Trabaxadores A Coruña, con CIF G15383011, en nome e representación desta, con domicilio social na Rúa Miguel Ferrero Caaveiro, núm. 12- 15707, Santiago de Compostela.

As persoas, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

I. Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 2 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C6408686874E572774378F26676696AC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



O dito precepto cita tamén, nos termos da lexislación do Estado e da CCAA, as actuacións de promoción da igualdade entre homes e mulleres. O propio texto constitucional, no artigo 9.2, fixa a cláusula xeral aplicable a todos os poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.


Ademais, a Lei 5/2014, da Xunta de Galicia, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, habilita aos concellos para continuar con aquelas actividades e servizos que, aínda non sendo da súa competencia orixinaria, viñan prestando ou realizando con anterioridade á entrada en vigor la Lei 27/2013, tal e como acontece co fomento do emprego, a promoción da igualdade e dos dereitos sociais e laborais así como as actividades de formación, sobre a que este Concello manifesta interese en seguir exercendo competencias.

En calquera caso, a formación en dereitos de orde social e, en xeral, a promoción da igualdade é unha política e acción transversal conexas coas distintas competencias sectoriais do concello.

II. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións (en diante LXS), no seu art. 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

III. Que a Unión General de Trabaxadores (en diante UGT) é unha das organizacións sindicais máis representativas, tanto no ámbito estatal como no autonómico, circunstancia que lle confire un papel significativo como interlocutor social e na negociación e defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras, ao abeiro do disposto no artigo 7 da C.E., na Lei orgánica LO 11/1985, de liberdade sindical, e demais normativa laboral, tomando como referente o TRET, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 3 de 19	SELLO	FIRMAS



Concello da Coruña



Ademais de prestar asesoramento laboral e xurídico, UGT desenvolve actividades e accións de formación, orientación profesional e prevención de riscos laborais; xestiona programas de formación e orientación para o emprego, participa nas programacións de formación ocupacional e continua, e oferta servizos de orientación profesional e intermediación no mercado laboral.

O exercicio práctico dos dereitos laborais depende tanto dos empregadores como dos propios traballadores; os primeiros deben respectalos e garantilos, ademais de cumprir con aquelas obrigas legais que se derivan das leis que os desenvolven, e os segundos deben coñecelos e esixir o seu cumprimento cando se vulneren o, polo menos, asegurarse de que se respectan.

De aí a importancia da formación e información en materia de dereitos laborais, sendo especialmente necesaria para quen empeza a súa andadura laboral, como os estudantes dos últimos cursos dos diferentes ensinos que habilitan para o acceso ao mercado laboral (FP, bacharelato e universidade) e tamén de aqueles colectivos que poden atopar especiais dificultades na entorna laboral como a poboación inmigrante ou persoas con discapacidade.

IV. Que o Concello da Coruña entende que o proxecto de información e divulgación á cidadanía dos dereitos laborais que presenta UGT é de interese xeral para o conxunto da comunidade, e en consecuencia, o Orzamento municipal en vigor recolle, na aplicación 20.922.489.50, unha subvención de carácter nominativo a favor de UGT, por un importe de cincuenta mil euros (50.000,00 €), coa finalidade de realizar as citadas actividades de información e divulgación.


O proxecto enténdese como un panca para poñer de manifesto a importancia da igualdade e liberdade individual e dos colectivos máis desfavorecidos en xeral, e tamén en clave de xénero, pois nos sectores máis desfavorecidos aínda se agudizan as dificultades e atrancos para un desfrute pleno dos dereitos socio-laborais e para o acceso á información, do xénero feminino e/ou de outros colectivos.

V. Que a Lei 38/2003, LXS, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións; e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VI. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, UGT a requirimento municipal presentou no Rexistro Xeral de Entrada, con data 12.07.2024, a documentación necesaria para subscribir o convenio.

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3 606408686874E572774378F26676656CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 4 de 19	SELLO	FIRMAS



Concello da Coruña



Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.- OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Unión General de Traballadores (UGT) co obxecto de contribuír á formación, información e divulgación cidadá dos dereitos laborais, con especial incidencia naqueles colectivos que poden atopar dificultades no seu acceso ao mundo laboral, derivado do descoñecemento dos seus dereitos laborais máis básicos, tales como inmigrantes, persoas con discapacidade e aquelas persoas que comezan a súa vida laboral e profesional.

As actividades que teñen cabida neste convenio desenvolveranse ao longo do ano 2024 e comprenderán tanto accións formativas como outras divulgativas, destinadas á cidadanía en xeral, e que queren poñer en valor a historia do movemento sindical e a importancia da loita e conquista de dereitos e liberdades na defensa dos intereses laborais, sociais e económicos das persoas traballadoras, incluso coincidindo con algunha efeméride relevante desde o punto de vista laboral e da posta en valor das conquistas socio-laborais.


Segunda.- NORMATIVA REGULADORA.

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

Terceira.- OBRIGAS DO CONCELLO.

O Concello da Coruña comprométese a achegarlle á organización sindical UGT, a cantidade de CINCUENTA MIL EUROS (50.000,00 €), con cargo á aplicación 20.922.489.50 do orzamento municipal en vigor.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 5 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2249097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64986868F74E572774378F267666AC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



Cuarta.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE.

A actividade financiarase, en todo ou en parte, coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co artigo 32 do Regulamento da lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.


Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que exceda o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da lei xeral de subvencións.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da lei xeral de subvencións, sendo compatible a dita aportación con outras subvencións, en caso de que se produza un exceso das subvenciones percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflecta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 6 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2249097 PBH1M-XMYBR-RVPI3 6C64086868F74E57774378F266786686CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña




Quinta.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.

UGT comprométese ao seguinte:

- Destinar os fondos achegados polo Concello de A Coruña á finalidade contemplada na Memoria presentada, cuxas accións e actividades formativas se desenvolverá no exercicio 2024.
 - Presentar a documentación xustificativa nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
 - Comunicar, por escrito e motivadamente, no prazo máximo dun mes dende a notificación da concesión da subvención, na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede>) calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
 - Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes dende que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
 - Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
 - Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e nos termos recollidos no manual de utilización da imaxe corporativa (<https://www.coruna.gal/imagencorporativa>)
- No caso de gastos de cartelería, dípticos e trípticos, deberá achegarse un exemplar do modelo utilizado xunto coa conta xustificativa, co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello.
- Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 7 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868E74E572774378F267868686CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



- Empregar nas comunicacións, tanto orais como escritas, nos materias impresos e nas actividades a desenvolver, unha linguaxe incluínte e non sexista.
- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade, así como a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias das actividades obxecto de financiamento deste convenio e das persoas traballadoras da entidade.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Empregar a lingua galega na comunicación e na produción escrita e oral (cartelería publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) ás que dea lugar toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña.


Sexta.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, que se realicen durante o exercicio 2024 entendéndose como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na cláusula décima deste convenio.

En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse na solicitude, respondan de xeito indubidable, á natureza das accións formativas obxecto da subvención tales como os gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención:

1. *Gastos de persoal docente*, relacionados coas actividades de formación e/ou divulgación que constitúen a actividade subvencionada, engadidos os desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legal e regulamentariamente establecidos.
2. *Gastos polo mantemento* do contido web no relativo á actividade didáctica ou de formación e, en xeral, relacionado coa actividade da subvención.
3. *Gastos de materiais* e outros gastos vinculados ou destinados ao desenvolvemento da actividade subvencionada, tales como aluguer de equipos (ordenadores, pantallas, proxectores...), soportes informáticos (roll-up, lonas...), materias de apoio para as accións

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 8 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3 6C6408686874E572774378F2676696AC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



de divulgación como guías e dípticos, e para as actividades de formación (bolígrafos, carpetas, libretas...)

Cando estes correspóndanse con custos de persoal ou outros de carácter estrutural da entidade deberá xustificarse dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente realízase a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada.


Consideraranse coma *gastos directos* nos seguintes supostos:

- Cando se contrate unha persoa de xeito específico para a coordinación técnica do programa que é obxecto de subvención, na medida en que os custos de coordinación se refiran de maneira indubidable á actividade que en concreto se subvenciona, e se realicen no prazo establecido polo presente convenio. En ningún caso o custo da coordinación técnica poderá ser superior ao valor de mercado.
- Cando os gastos de coordinación técnica nos que se incorran se correspondan con nóminas do persoal da entidade beneficiaria que exerce outras función na entidade, serán considerados gastos directos na medida en que se acredite fidedignamente que a porcentaxe de nómina que se imputa responde efectivamente a labores de coordinación técnica do convenio que especificamente se financia. Esta acreditación realízase a través dunha descrición específica de todas as tarefas que esa persoa realizou en actividades de coordinación técnica do proxecto concreto que se subvencione, cuantificando as horas que supuxo cada unha desas tarefas, para así motivar suficientemente a porcentaxe da nómina que se impute. Sendo este, por tanto, o número de horas que destinou a labores de coordinación técnica en relación coa súa xornada laboral, e que en ningún caso poderá superar o 25%.

No suposto dunha imputación a tanto alzado dunha porcentaxe da nómina sen desagregar especificamente as horas destinadas por mes a coordinación técnica será tratada coma gastos indirectos cos límites previstos para os mesmos no convenio.

Non serán subvencionables os gastos de inversión nin os de natureza inventariable, os financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos, nin os realizados fora dos prazos de execución do convenio ou pagados fora do prazo de xustificación. Os gastos de desprazamento pagados a traballadores por conta propia ou particulares alleos á entidade pagadora só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 9 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868E74E572774378F2676656CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



Poderán imputarse á conta xustificativa gastos xerais da entidade que teñan vinculación coa actividade subvencionada, considerados como custes indirectos, ata un 20% do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se es menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gastos e a acreditación do pagamento efectivo dos mesmos. A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

En todo caso, todos os custes indirectos referidos como de coordinación técnica e de preparación dos materiais, na memoria modificada presentada o 12.07.2024, deben corresponderse co período da actividade.

Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que se trata de un gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrados e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.


En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto e fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou abastecementos con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
- Que se obteña a previa autorización expresa do Concello da Coruña do seguinte modo:

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 10 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868F74E57774378F26766866CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña




- A entidade interesada deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada
- O Concello da Coruña deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou abastecementos que poden ser obxecto de contratación

A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da LXS. Poderase subcontratar incluso o 70% da actividade subvencionada. Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) y e) do artigo 29.7 LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 70% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 70% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada excepto que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o custo previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

A pesar do sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 11 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C6408686874E572774378F26766866CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



Sétima.- ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da entidade beneficiaria e o pagamento da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da LXS.


En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, concederase un prazo de dez días para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que se presentara a documentación requirida, arquivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados da subvención, de ata o 90% do importe total da subvención, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía de ata un 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata acadar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co concello e coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 12 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2249097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868E74E572774378F2676696CACC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seus caso, ao reformulado, só se aceptarán desviacións de financiación cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. No caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50%. En caso de que se xustificara un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonarán ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

Oitava. - EXECUCIÓN DO CONVENIO.


A execución e xustificación do presente convenio corresponderá a UGT, quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagamentos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asinado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada ás mesmas. En dita conta ingresaranse a aportación do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio.

UGT xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios dunha clara e correcta xestión financeira.

Novena. - PRAZO DE EXECUCIÓN.

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá o ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 13 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3 6C64086868E74E57774378F26678666CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña




Décima.- XUSTIFICACIÓN.

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses dende a finalización da vixencia do convenio, UGT deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede>) a seguinte documentación aos efectos de xustificación do convenio:

- ✓ Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido ao efecto, que incluíra unha declaración responsable e unha relación da documentación que se achega para a xustificación.
- ✓ Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grado de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada, que incluíra as evidencias documentais e gráficas necesarias, tendo en conta os seguintes aspectos:
 - Descrición das tarefas realizadas e distribución mensual do tempo dedicado polo persoal empregado, de acordo coa memoria presentada que serve de base para determinar a actividade subvencionada (memoria modificada asinada o 10.07.2024 e presentada no Rexistro Xeral o 12.07.2024).
 - Documentación que acredite a realización da actividade formativa e das persoas participantes na mesma, a través do control de asistencia ou outros métodos que permitan a súa constancia documental.
 - Documentación gráfica dos materiais divulgativos e/ou formativos adquiridos, incluíndo a respectiva factura de compra e, no seu caso, o control documental da súa entrega
 - Evidencias gráficas da formación *on line* e certificación da súa realización
 - Documentación acreditativa, de ser o caso, da celebración de efemérides conmemorativas para a posta en valor das conquistas dos dereitos socio-laborais
- ✓ Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
- ✓ Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 14 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240007 PBH1M-XMYBR-RVPI3 6C64086868E74E572774378F26676686AC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.




Concello da Coruña



Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.

- ✓ Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pagamento.
- ✓ Facturas orixinais debidamente cumprimentadas, fotocopias compulsadas ou copias electrónicas, segundo o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, dos gastos realizados no exercicio da actividade. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas deberán incluír unha descrición dos bens ou servizos que se facturan de forma clara e precisa, que permita apreciar a vinculación coa actividade, ou na súa falta unha memoria de cada unha das facturas que detallen os bens e/ou servizos facturados.
- ✓ Cando o importe facturado sexa inferior a 400,00 euros, IVE incluído, en calquera tipo de operación, ou cando sexa inferior aos 3.000,00 euros, IVE incluído, nas operacións contempladas no artigo 4.2 do Real decreto 1619/2012, que aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, admitirase a factura simplificada, si ben esta factura debe incluír o destinatario/a, que será en todo caso a entidade beneficiaria da subvención.
- ✓ Os xustificantes de pagamento orixinais (facturas) presentados marcaranse cun selo, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicárase ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- ✓ Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pagamento a través de copia do extracto bancario cando o pagamento se realiza a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario, e coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor/a na correspondente factura en caso de pagamentos en efectivo, isto é mediante recibo no que conste que ao emisor/a lle foi satisfeito o importe ou ben no propio xustificante de gasto o

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 15 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C6408686874E57274378F267868686CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña




emisor do mesmo acredite co seu NIF e sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

Non se admitirán pagos en efectivo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega as mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

- ✓ Certificación da Secretaría co visto e prace do Presidente, ou das persoas que realicen funcións propias da secretaría e da presidencia, en atención aos peculiares órganos desta organización sindical, acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- ✓ No caso de que existan gastos de persoal: contrato de traballo –no seu caso-, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos TC/1 e TC/2) ou os que os substitúan regulamentariamente e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pagamento de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor.
- ✓ Ademais do cumprimento dos aspectos formais da factura, no caso de actividades profesionais ou empresariais suxeitas a retención do IRPF, no que a obrigada a reter é a propia entidade beneficiaria, para admitir o gasto como debidamente xustificado, a entidade beneficiaria deberá presentar o modelo de xustificante de ingreso na AEAT, coa explicación e detalle correspondente no caso do que o citado xustificante ou modelo inclúa o bruto de varias retencións, isto é:
 - Modelo 111 e modelo 190 acreditativo do pagamento á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF
 - Modelo 115 e modelo 180 acreditativo do pagamento á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao arrendador/a se é persoa física suxeita ao IRPF
 - Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de abastecemento de bens de equipo ou prestación de servizos.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 16 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2249097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868E74E572774378F26766666AC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



- Certificado da Secretaría da entidade, co visto e prace do Presidente, ou das persoas que realicen as funcións propias da secretaría e presidencia, no que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

Ambas partes, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e pola demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, acordan, a efectos da verificación da correcta xustificación das actuacións realizadas, autorizar o acceso e tratamento por parte do Concello da Coruña (*encargado do tratamento*) aos datos de carácter persoal, cuxo responsable no último termo é UGT (*responsable do tratamento*).

Undécima.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.


O nome e logo do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin e respecto aos diplomas, cartelería, dípticos, trípticos, flyers ou elementos publicitarios análogos deberán presentar un exemplar do modelo utilizado xunto á conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello.

Cumprirase co disposto polo manual de imaxe corporativa situado no seguinte enlace da web municipal: <https://www.coruna.gal/imagencorporativa>

Asemade, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan pola organización sindical UGT, dirixidas tanto ao público en xeral coma ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello no cofinanciamento das mesmas.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo o finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 17 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868F74E57774378F2676686CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña
<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-e-axudas>

Por este motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita asemade a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir a obriga de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

Duodécima.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión paritaria para o seguimento das accións derivadas deste convenio. Esta comisión poderá reunirse cando o solicite algunha das partes e en todo caso deberá reunirse polo menos unha vez, antes do 15 de novembro, para o seguimento e vixilancia da corrente execución do presente convenio.

Décimo terceira.- REINTEGRO


O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da LXS e no artigo 91 e seguintes do seu regulamento, dándolle en todo caso audiencia á persoa interesada.

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron.
2. Obtención doutras axudas para a mesma actividade.
3. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 18 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240097 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C6408868E74E572774378F2678686CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



5. Calquera outra causa que expresamente constituía infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na LXS e normativa de desenvolvemento.
6. En caso de xustificar fora do prazo previsto, e tralo requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da lei xeral de subvencións.
7. En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe da financiación pública supere o coste da actividade, no importe do exceso producido.
8. Nos demais supostos previstos na Ordenanza xeral de subvencións do área de Benestar.

Décimo cuarta.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNES.

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisión tipificadas na Lei xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da LXS, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.


Décimo quinta.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

De conformidade có establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordada a prórroga do mesmo
- O acordo unánime das partes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis

Así mesmo, será causa de resolución do presente convenio a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes dende que aquel fose detectado.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: PROPOSTA convenio UGT _gl	IDENTIFICADORES OC: AD018I00WC	
OTROS DATOS Código para validación: PBH1M-XMYBR-RVPI3 Página 19 de 19	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2240007 PBH1M-XMYBR-RVPI3_6C64086868E74E57774378F26786656CAC3D34) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Concello da Coruña



Décimo sexta. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na Coruña, na data da última sinatura electrónica deste convenio

A alcaldesa do Concello da Coruña

Inés Rey García

O secretario xeral da
Unión General de Trabaxadores

Ángel Iglesias Fernández